

«f) En representación das organizacións de consumidores e usuarios, por proposta do Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Aurora Lamas López.
- M^a Isabel Garrido Blanco.
- Miguel López Crespo.
- Otilia Novegil Villanueva.
- M^a Josefa Neira González.
- Rosa Celia Otero Raña».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Resolución do 31 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan axudas a entidades sen ánimo de lucro para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia e para crear medios de información electrónica, para o ano 2008.

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no DOG nº 14, do 21 de xaneiro, cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 1.302, no artigo 3º, letra c), onde di: «Que percibisen no ano anterior unha subvención da mesma modalidade que a solicitada nesta convocatoria», debe dicir: «Que percibisen no ano anterior unha subvención para a mesma adquisición que a solicitada nesta convocatoria».

Resolución do 28 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan, para o ano 2008, subvencións aos concellos para estudos de cobertura do sinal, realización de proxectos técnicos e dotación de equipamentos para o servizo de televisión dixital terrestre.

A Secretaría Xeral de Comunicación, co obxecto de facilitar o despregamento de infraestruturas de difusión da televisión dixital terrestre, no ámbito dos concellos que van prestar este servizo, quere dotalos dunhas medidas de apoio que incentiven a implantación dos novos servizos da televisión dixital, ampliando así o marco da pluralidade informativa cara á

poboación local, achegándolle a calidade e funcionalidades propias da tecnoloxía dixital.

O Plan técnico nacional de televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, establece, entre outros, o escenario de transición da tecnoloxía analóxica á tecnoloxía dixital, obrigando ás entidades que prestan o servizo de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica ao cesamento progresivo das emisións en analóxico por áreas técnicas.

A disposición adicional décimo segunda do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, sinala as condicións que deben cumprir os concellos no establecemento de estacións transmisoras de televisión dixital terrestre de baixa potencia en rede de frecuencia única para a difusión aos seus cidadáns das canles de televisión en servizo.

Polo exposto, e no uso das facultades que me atribúe, por desconcentración, a disposición adicional segunda c) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e partida orzamentaria.*

Os obxectivos destas subvencións son apoiar as accións dos concellos para:

-A realización de estudos técnicos de cobertura do sinal de televisión dixital terrestre.

-A realización de proxectos técnicos de telecomunicación de estacións transmisoras de televisión dixital terrestre de baixa potencia en rede de frecuencia única.

-A dotación de transmisores de televisión de baixa potencia en rede de frecuencia única.

Para as mencionadas axudas resérvase a cantidade de 325.000 euros, que se imputarán ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 04.31.461A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Artigo 2º.-*Modalidades de subvención.*

As liñas de subvención previstas nesta convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, desagreganse en tres modalidades:

-Modalidade A): para a realización de estudos de cobertura do sinal de televisión no marco de despregamento de infraestruturas de difusión do servizo de televisión dixital terrestre.

-Modalidade B): para a realización de proxectos técnicos de telecomunicación de estacións transmisoras de televisión dixital terrestre de baixa potencia en rede de frecuencia única.

-Modalidade C): para dotación, instalación e certificación de transmisores de televisión dixital terrestre de baixa potencia en rede de frecuencia única.

Artigo 3º-Conceptos subvencionables.

Serán subvencionables os seguintes conceptos para cada unha das modalidades:

-Modalidade A):

Será subvencionable o gasto derivado da realización de estudos de cobertura do sinal de televisión dixital terrestre.

-Modalidade B):

Serán subvencionables os conceptos de honorarios e gastos da realización do proxecto técnico de telecomunicación, realizado por un enxeñeiro de telecomunicación ou enxeñeiro técnico de telecomunicación, e visado polo colexio profesional correspondente.

É imprescindible que o lugar proposto para a realización do proxecto técnico estea en áreas de cobertura da rede primaria de televisión dixital terrestre, para funcionar en rede de frecuencia única e que o dito lugar sexa axeitado para a cobertura da zona de sombra.

-Modalidade C):

Será subvencionable o equipamento de telecomunicacións da estación transmisora, a instalación deste equipamento, os accesorios para a súa protección e ancoraxe, así como os honorarios correspondentes á certificación técnica da instalación. Quedan excluídos os conceptos correspondentes a obra civil, ao mastro soporte e a subministración eléctrica.

O lugar proposto estará en áreas de cobertura da rede primaria de televisión dixital terrestre para funcionar en rede de frecuencia única e que o dito lugar sexa axeitado para a cobertura da zona de sombra.

Artigo 4º-Contías máximas de subvención.

Inicialmente asignaranse os importes seguintes:

-75.000 euros para a modalidade A.

-100.000 euros para a modalidade B.

-200.000 euros para a modalidade C.

Esta asignación inicial faise sen prexuízo da distribución definitiva que resulte das resolucións de adjudicación. O crédito non adjudicado nunha modalidade pode aplicarse na outra, ata acadar o límite total sinalado.

O importe das axudas concedidas poderá acadar as seguintes contías máximas por liña de subvención e por concello:

-Modalidade A): 1.500 euros.

-Modalidade B): 2.000 euros.

-Modalidade C): 14.000 euros.

Artigo 5º.-Beneficiarios.

Poderán optar a estas subvencións os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que, no caso da liña de subvención da modalidade C), cumpran co requirido na disposición adicional décimo segunda do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo (BOE nº 181, do 30 de xullo), que especifica as condicións que deben cumprir os concellos na súa iniciativa local de extensión de cobertura do sinal de televisión.

Quedarán excluídos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que fosen beneficiarios de subvencións semellantes nos anos 2006 e 2007 que, tendo recoñecida a obriga de pagamento, teñan pendente a entrega na Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual de documentación definitiva: proxectos técnicos e actas de recepción.

Artigo 6º.-Solicitudes, prazo de presentación e documentación.

1. As solicitudes de subvención serán formuladas polo presidente do concello solicitante, segundo os modelos que, para cada modalidade, figuran como anexos I, II e III a esta convocatoria; dirixiranse ao secretario xeral de Comunicación e presentaranse de acordo co establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo para a súa presentación será de trinta e un días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Coa solicitude, xuntarase a seguinte documentación:

a) Modalidade A):

a.1) Xustificación da necesidade de mellora para a cal se encarga o estudo técnico de cobertura, no cal se incluírá unha memoria con indicación dos problemas de cobertura do sinal de televisión en que constarán as entidades de poboación (código do nomenclátor, nome da entidade e poboación de dereito), recepción das canles de televisión, canle radioeléctrica, orixe da canle recibida (acimut e centro emisor) e programación recibida; indicando a superficie da área de sombra por canal en km² e a poboación total afectada, asinado por un facultativo competente.

a.2) Proposta dos honorarios e gastos do facultativo que asina o estudo técnico de cobertura.

a.3) Declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas.

b) Modalidade B):

b.1) Informe técnico de cobertura da sinal de televisión, asinado por un facultativo competente, no cal se incluírá:

1. Folla resumo segundo o anexo IV.

2. Memoria xustificativa. Unha memoria con indicación da xustificación da necesidade de mellora do sinal de televisión dixital terrestre.

3. Zona de sombra. Indicación da zona de sombra, na cal constarán as entidades de poboación (código do nomenclátor, nome da entidade e poboación de dereito), as coordenadas xeográficas e cota da entidade, medidas reais de niveis de campo eléctrico recibido por cada unha das canles de televisión, canle radioeléctrica, orixe da canle recibida (acimut e centro emisor) e programación recibida.

4. Lugar proposto. A localización proposta da nova instalación, que debe estar en áreas de cobertura do despregamento da rede principal de difusión de televisión, con indicación das coordenadas xeográficas e cota do lugar, canle radioeléctrica, o nivel do campo eléctrico recibido (dB(µV/m), MER, BER e orixe do sinal (acimut e centro emisor) para cada un dos múltiplex dixitais que se queren instalar.

5. Datos técnicos. Deberá xustificarse que este lugar proposto debe ser axeitado para cubrir a zona de sombra, así como a indicación dos datos técnicos básicos da instalación, sistema radiante, recepción e transmisión.

6. Planos. Planos que delimiten a área xeográfica da zona de sombra e da área en que se pretende dar servizo, sinalando as entidades anteriormente mencionadas no número 3, indicando a superficie da área de sombra e de servizo, así como as dimensións en km².

7. Ortofoto. Ortofoto do Sixpac, escala 1:2500 ou mellor, sinalando a situación exacta do lugar proposto.

8. Poboación e servizos. A referencia á poboación farase desagregada por entidades de poboación afectada e total, segundo as medicións realizadas no número 3 e dos servizos de televisión analóxica e dixital dispoñibles na zona.

9. Equipamento de medidas. Incluirase un anexo en que se detalle o equipamento e método de medidas.

b.2) Proposta dos honorarios e gastos do facultativo que asina o proxecto técnico.

b.3) Declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas.

c) Modalidade C):

c.1) Informe técnico de cobertura da sinal de televisión, asinado por un facultativo competente, no cal se incluírá:

1. Folla resumo segundo o anexo IV.

2. Memoria xustificativa. Unha memoria con indicación da xustificación da necesidade de mellora do sinal de televisión dixital terrestre.

3. Zona de sombra. Indicación da zona de sombra, na cal constarán as entidades de poboación (código do nomenclátor, nome da entidade e poboación de dereito), as coordenadas xeográficas e cota da entidade, medidas reais de niveis de campo eléctrico recibido por cada unha das canles de televisión, canle radioeléctrica, orixe da canle recibida (acimut e centro emisor) e programación recibida.

4. Lugar proposto. A localización proposta da nova instalación, que debe estar en áreas de cobertura do despregamento da rede principal de difusión de televisión, con indicación das coordenadas xeográficas e cota do lugar, canle radioeléctrica, o nivel do campo eléctrico recibido (dB(µV/m), MER, BER e orixe da sinal (acimut e centro emisor) para cada un dos múltiplex dixitais que se queren instalar.

5. Datos técnicos. Deberá xustificarse que este lugar proposto debe ser axeitado para cubrir a zona de sombra, así como a indicación dos datos técnicos básicos da instalación, sistema radiante, recepción e transmisión.

6. Planos. Planos que delimiten a área xeográfica da zona de sombra e da área en que se pretende dar servizo, sinalando as entidades anteriormente mencionadas no número 3, indicando a superficie da área de sombra e de servizo, así como as dimensións en km².

7. Ortofoto. Ortofoto do Sixpac, escala 1:2500 ou mellor, sinalando a situación exacta do lugar proposto.

8. Poboación e servizos. A referencia a poboación farase desagregada por entidades de poboación afectada e total, segundo as medicións realizadas no número 3 e dos servizos de televisión analóxica e dixital dispoñibles na zona.

9. Equipamento de medidas. Incluirase un anexo en que se detalle o equipamento e método de medidas.

c.2) Compromisos do concello:

1. Xustificación da existencia de espazo público ou servidume para a instalación do mastro soporte e, se for necesario, compromiso de instalación de mastro soporte.

2. Xustificación da posibilidade da subministración enerxética para o equipamento da nova instalación.

3. Compromiso para o mantemento axeitado de toda a instalación.

c.3) Requirimentos segundo a disposición adicional décimo segunda do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, con copia dos documentos seguintes:

1. Acreditar a conformidade das sociedades concesionarias e entidades habilitadas para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre, para a utilización do dominio público radioeléctrico que estas teñen asinado para difundir o servizo de televisión dixital terrestre no seu termo municipal.

2. Comunicación previa á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

3. Presentación do proxecto técnico das instalacións, asinado por un enxeñeiro ou enxeñeiro técnico de telecomunicacións e visado polo colexio oficial correspondente, segundo as normas correspondentes para a realización de proxectos técnicos de radiodifusión e televisión.

c.4) Orzamento detallado, con prezos unitarios do instalador e documento acreditativo da inscrición no tipo D no Rexistro de Instaladores (Real decreto 401/2003, do 4 de abril, BOE nº 115, do 14 de maio).

c.5) Declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas.

4. Estas subvencións serán compatibles coas que poidan conceder outras administracións públicas, sempre que o importe das subvencións concedidas, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións públicas, entes públicos ou privados non superen o custo total do investimento que se vai realizar.

5. En todo caso, as tres modalidades de axudas desta convocatoria son incompatibles entre si, de xeito que a concesión dunha modalidade de axuda a un concello impide ser beneficiario da outra. De solicitárense varias, enténdese que se opta pola de maior contía.

Artigo 7º.-*Tramitación.*

Os servizos competentes da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual tramitarán as solicitudes e proporán os procedementos necesarios para a concesión da subvención.

No caso das liñas de axuda das modalidades B) e C), os servizos competentes da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual comprobarán os datos técnicos recollidos nas solicitudes e emitirán un informe técnico

co de idoneidade da documentación técnica presentada respecto da solución proposta para funcionamento do transmisor en rede de frecuencia única e a cobertura da zona de servizo proposta.

Non serán admitidas a trámite, no caso das solicitudes de subvención para as modalidades B) e C), aquelas propostas que non contén con informe técnico de idoneidade favorable.

Artigo 8º.-Criterios de valoración desta convocatoria e contías máximas das subvencións.

As solicitudes admitidas a trámite, para cada modalidade, valoraranse conforme os seguintes criterios que se sinalan por orde de prioridade:

a) Poboación, criterio que se valorará ata un máximo de 10 puntos, nas seguintes circunstancias:

-Máis de 500 e menos de 1.000 en núcleo (10 puntos).

-Máis de 200 e menos de 501 habitantes en núcleo ou máis de 500 e menos de 1.001 en diseminado (8 puntos).

-Máis de 100 e menos de 201 habitantes en núcleo ou máis de 200 e menos de 501 en diseminado (6 puntos).

-Máis de 50 e menos de 101 habitantes en núcleo ou máis de 100 e menos de 201 en diseminado (4 puntos).

-Poboación en diseminado de máis de 50 habitantes e menos de 101 (2 puntos).

-Poboación de menos de 51 habitantes en diseminado (0 puntos).

b) Área do territorio afectada, criterio que se valorará ata un máximo de 10 puntos, nas seguintes circunstancias:

-Máis de 1 km e menos de 2,5 km² (10 puntos).

-Máis de 2,5 km e menos de 5 km² (6,6 puntos).

-Máis de 5 km e menos de 10 km² (3,3 puntos).

-Superficie afectada maior de 10 km² (0 puntos).

c) Outros servizos audiovisuais, criterio que se valorará ata un máximo de 10 puntos, nas seguintes circunstancias:

-Carecen doutros servizos audiovisuais (10 puntos).

-Carecen de cobertura da TVG en analóxico pero reciben outros servizos de TV analóxica (8,3 puntos).

-Dispoñen de cobertura da TVG pero non doutras televisións analóxicas (6,6 puntos).

-Dispoñen de ata 3 canles de televisión analóxica, incluída a TVG (5,0 puntos).

-Dispoñen de ata 6 canles de televisión analóxica, incluída a TVG (3,3 puntos).

-Carecen de cobertura do múltiplex autonómico dixital (TVG) pero reciben outros servizos de televisión dixital (1,6 puntos).

-Dispoñen de cobertura do múltiplex autonómico dixital (TVG) pero non doutros múltiplex dixitais terrestres (0 puntos).

Artigo 9º.-Proposta, resolución e publicidade.

1. A proposta de resolución seralle formulada ao secretario xeral de Comunicación por un órgano colexiado e a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, que é o órgano instructor.

2. A composición do dito órgano colexiado é a seguinte:

-Presidente: o subdirector xeral de Telecomunicacións e Audiovisual.

-Tres vogais: con nivel orgánico de xefe de servizo.

-Secretario: un funcionario da dita dirección xeral.

3. As axudas outorgadas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Comunicación publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 10º.-Prazo máximo de resolución e recursos contra a resolución.

1. Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta convocatoria será de seis meses, contados desde o día seguinte ao do prazo máximo establecido para a presentación de solicitudes.

2. A resolución ditada polo secretario xeral de Comunicación esgota a vía administrativa e contra a dita resolución poderán interpoñerse os recursos previstos nos artigos 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do proceso administrativo común, e no

artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. De non notificarse resolución no prazo indicado no punto 1, entenderase desestimada a petición correspondente, podendo interpoñer os recursos indicados no punto 2.

4. Os prazos sinalados para estes casos comezarán a contarse desde que transcorra o prazo de seis meses sinalado no punto 1 anterior.

Artigo 11º.-Prazo de aceptación.

Notificada a resolución de subvención, os beneficiarios deberán manifestar por escrito a súa aceptación, comprometéndose a executar a actividade subvencionada no prazo e nas condicións establecidas nesta convocatoria.

De non recibirse a aceptación no prazo de dez días naturais, entenderase que o concello beneficiario renuncia á subvención concedida e procederase, sen máis trámite, ao arquivo do expediente.

Artigo 12º.-Xustificación do investimento e solicitude de pagamento.

Para o recoñecemento da axuda, o concello beneficiario, antes do 1 de outubro de 2008, deberá solicitar o pagamento e presentará ante a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual a seguinte documentación:

a) Modalidade A):

1. Estudo técnico de cobertura, asinado polo facultativo competente e visado polo colexio profesional correspondente.

2. Certificación expedida polo secretario da corporación local beneficiaria, que reflecta o acordo aprobatorio do gasto efectuado por razón da axuda concedida.

3. Declaración complementaria do conxunto de axudas obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público.

4. Certificación expedida pola entidade bancaria da conta onde se deba realizar o pagamento.

b) Modalidade B):

1. Dúas copias do proxecto técnico de telecomunicacións. Polo menos unha en formato electrónico CD, asinado polo facultativo competente e visado polo colexio profesional correspondente segundo as normas fixadas na Orde ministerial ITC/2212/2007, do 12 de xullo (BOE nº 173, do 20 de xullo).

2. Factura de honorarios do facultativo que asina o proxecto técnico.

3. Certificación expedida polo secretario da corporación local beneficiaria, que reflecta o acordo aprobatorio do gasto efectuado por razón da axuda concedida.

4. Declaración complementaria do conxunto de axudas obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público.

5. Certificación expedida pola entidade bancaria da conta onde se deba realizar o pagamento.

c) Modalidade C):

1. Factura expedida pola empresa instaladora.

2. Boletín das instalacións técnicas segundo a Orde ITC/2212/2007, do 12 de xullo.

3. Certificación técnica das instalacións segundo a Orde ITC/2212/2007, do 12 de xullo.

4. Factura de honorarios do facultativo pola certificación técnica, se proceder.

5. Acta de recepción provisoria das instalacións, sen prexuízo de que se presente o boletín da instalación efectuada.

6. Certificación expedida polo secretario da corporación local beneficiaria, que reflecta o acordo aprobatorio dos gastos efectuados por razón da subvención concedida.

7. Declaración complementaria do conxunto de axudas obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público.

8. Certificación expedida pola entidade bancaria da conta onde se deba realizar o pagamento.

Artigo 13º.-*Inspección e información.*

A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos con que se concederon as subvencións.

De igual xeito, o beneficiario estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 14º.-*Obrigas do beneficiario.*

1. Os concellos receptores das subvencións quedarán obrigados:

a) A non alteraren o destino da subvención.

b) A admitiren as inspeccións e control que estableza a Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

c) A efectuaren a xustificación do gasto conforme o establecido no artigo 12º, facultándose a dita dirección xeral para determinar o correcto cumprimento desta obriga.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa determinante de revogación da subvención, así como do reintegro, de ser o caso, da subvención percibida e dos xuros de demora correspondentes.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 15º.-*Réxime xurídico aplicable.*

No demais, esta resolución estará sometida á lexislación básica do Estado na materia contida na Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 25 de xuño), e demais normativa de desenvolvemento.

Artigo 16º.-*Actos de desenvolvemento desta convocatoria.*

Facúltase o director xeral de Comunicación Audiovisual para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria.

Artigo 17º.-*Recursos contra esta resolución de convocatoria.*

Poderá interpoñerse potestivamente recurso de reposición ante o secretario xeral de Comunicación, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; ou ben interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados de igual modo.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2008.

Juan Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS PARA REALIZACIÓN DE ESTUDOS TÉCNICOS, NO MARCO DO SERVIZO DE TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR860F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ACTUANDO COMO	ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA SUBVENCIÓN

IMPORTE QUE SOLICITA			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ARTIGO 6º.3; para a liña A)

<input type="checkbox"/> a.1) XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE MELLORA DE COBERTURA NAS ENTIDADES DE POBOACIÓN DO CONCELLO EN QUE EXISTEN DEFICIENCIAS.
<input type="checkbox"/> a.2) PROPOSTA DE HONORARIOS DO FACULTATIVO COMPETENTE PARA A REALIZACIÓN DO ESTUDO TÉCNICO DE COBERTURA.
<input type="checkbox"/> a.4) DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU AXUDAS CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE**: presta expresamente o seu consentimento a Presidencia para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 28 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan, para o ano 2008 subvencións aos concellos para estudos de cobertura do sinal, realización de proxectos técnicos e dotación de equipamentos para o servizo de televisión dixital terrestre.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE
En _____, _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Comunicación

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS PARA REALIZACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS, NO MARCO DO SERVIZO DE TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR860C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ACTUANDO COMO		ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA SUBVENCIÓN

IMPORTE QUE SOLICITA			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	POBOACIÓN	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ARTIGO 6º.3; para a liña B)

b.1) INFORME TÉCNICO DE COBERTURA DO SINAL DE TELEVISIÓN, ASINADO POR UN FACULTATIVO COMPETENTE, SEGUNDO ANEXO IV.

b.2) PROPOSTA DE HONORARIOS DO FACULTATIVO COMPETENTE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO.

b.3) DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU AXUDAS CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento a Presidencia para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 28 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan, para o ano 2008 subvencións aos concellos para estudos de cobertura do sinal, realización de proxectos técnicos e dotación de equipamentos para o servizo de televisión dixital terrestre.

SINATURA DO SOLICITANTE

En _____, _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación

ANEXO III

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS PARA DOTACIÓN DE EQUIPAMENTOS, NO MARCO DO SERVIZO DE TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR860D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ACTUANDO COMO		ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA SUBVENCIÓN

IMPORTE QUE SOLICITA			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ARTIGO 6º.3; para a liña C)

<input type="checkbox"/> c.1) INFORME TÉCNICO DE COBERTURA DO SINAL DE TELEVISIÓN, ASINADO POR UN FACULTATIVO COMPETENTE, SEGUNDO O ANEXO IV.
<input type="checkbox"/> c.2.1) XUSTIFICACIÓN DA EXISTENCIA DE ESPAZO PÚBLICO OU SERVIDUME PARA A INSTALACIÓN DO MASTRO SOPORTE .
<input type="checkbox"/> c.2.2) XUSTIFICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN ENERXÉTICA PARA O EQUIPAMENTO DA NOVA INSTALACIÓN.
<input type="checkbox"/> c.2.3) COMPROMISO PARA O MANTEMENTO AXEITADO DE TODA A INSTALACIÓN.
<input type="checkbox"/> c.3.1) ACREDITACIÓN DAS SOCIEDADES CONCESIONARIAS PARA A UTILIZACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO RADIOELÉCTRICO PARA A DIFUSIÓN DA TDT.
<input type="checkbox"/> c.3.2) COMUNICACIÓN PREVIA Á COMISIÓN DO MERCADO DAS TELECOMUNICACIÓNS.
<input type="checkbox"/> c.3.3) PRESENTACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE TELECOMUNICACIÓNS SEGUNDO A ORDE ITC/2212/2007, DO 12 DE XULLO.
<input type="checkbox"/> c.4) ORZAMENTO DETALLADO DO INSTALADOR, CON PREZOS UNITARIOS E DOCUMENTO ACREDITATIVO DA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE INSTALADORES.
<input type="checkbox"/> c.5) DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU AXUDAS CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento a Presidencia para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 28 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan, para o ano 2008 subvencións aos concellos para estudos de cobertura do sinal, realización de proxectos técnicos e dotación de equipamentos para o servizo de televisión dixital terrestre.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE
En _____, _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

	DATA DE ENTRADA
	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
REVISADO E CONFORME	DATA DE SAÍDA
	___/___/___



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Comunicación

ANEXO IV

FOLLA RESUMO

DATOS DO TITULAR

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF
VIA	DOMICILIO		Nº
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO ENXEÑEIRO PROXECTISTA

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF
VIA	DOMICILIO		Nº
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
TITULACIÓN	COLEXIO PROFESIONAL	NÚMERO COLEXIADO	

DATOS DA ESTACIÓN

CÓDIGO DE EXPEDIENTE	NOME DA ESTACIÓN		
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	LUGAR
REDE DE ESTACIÓN	CANLES PROPOSTAS (UHF)		
LATITUDE (En graos, minutos e segundos)	LONXITUDE (En graos, minutos e segundos)	COTA (m sobre o nivel medio do mar)	ALTURA MASTRO (m)
SUPERFICIE DA ZONA DE SOMBRA (km2)	SUPERFICIE DA ÁREA DE SERVIZO (km2)	POBOACIÓN (HABITANTES)	DENSIDADE DE POBOACIÓN (HABITANTES/km2)

SERVIZOS DISPOÑIBLES

TELEVISIÓN DE GALICIA EN ANALÓXICO	NÚMERO DE ENTIDADES	PORCENTAXE DE POBOACIÓN
OUTRAS TELEVISIÓNS EN ANALÓXICO	NÚMERO DE CANLES	NÚMERO DE ENTIDADES
MÚLTIPLEX AUTONÓMICO DE TDT	NÚMERO DE ENTIDADES	PORCENTAXE DE POBOACIÓN
OUTRAS MÚLTIPLEX TDT	NÚMERO DE MÚLTIPLEX	NÚMERO DE ENTIDADES

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ARTIGO 6º.3 b.1) Y 6º.3 c.1))

<input type="checkbox"/> 2.- MEMORIA XUSTIFICATIVA.	<input type="checkbox"/> 6.- PLANOS.
<input type="checkbox"/> 3.- ZONA DE SOMBRA.	<input type="checkbox"/> 7.- ORTOFOTO.
<input type="checkbox"/> 4.- LUGAR PROPOSTO.	<input type="checkbox"/> 8.- POBOACIÓN E SERVIZOS.
<input type="checkbox"/> 5.- DATOS TÉCNICOS.	<input type="checkbox"/> 9.- EQUIPAMENTO DE MEDIDAS.

SINATURA DO SOLICITANTE	SINATURA DO ENXEÑEIRO PROXECTISTA
DATA DA SINATURA	DATA DO INFORME
En _____, _____	En _____, _____